DOWN Galicia

Revista informativa trimestral

Número 29· **Xullo 2023**



Histórico balance de emprego con 219 contratacións

A prol da participación política das persoas con discapacidade

Encontro bilateral entre Down Lugo e Down Ourense na cidade amurallada

O terceiro sector promociona o X Solidario na Renda 2022

Lanzamos un **Vídeo-Balance** dos 20 anos de **Emprego Con Apoio** nas entidades Down ➜

Índice

Histórico balance de emprego con 219 contratacións 2

Balance dos 20 anos de Emprego Con Apoio 4

Encontro bilateral entre Down Lugo e Down Ourense 6

Aberto o prazo de inscrición para o Encontro de Familias 8

Vídeo-Balance e Memoria de Down Galicia 2022 9

O terceiro sector promociona o X Solidario da Renda 10

A prol da participación política da xente con discapacidade 12

Bo traballo dos usuarios de Down Ourense na Liga de Debate 14

Contrato indefinido para un usuario de Down Lugo 15

Down Compostela estrea a súa nova obra de teatro 16

O Hospital Vithas e Down Vigo asinan convenio de prácticas 18

Séguenos, subscríbete e contacta 19

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Festa de fin de ‘curso’ en Teima este mes de xuño

Histórico balance de emprego das entidades Down con 219 contratos en empresas ordinarias en 2022

Un total de 199 persoas participantes no programa de Emprego con Apoio da Federación Down Galicia estiveron contratadas en empresas ordinarias da súa contorna durante o ano 2022. Este é o mellor dato no relativo a oportunidades laborais a persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais desde que a entidade implantou o programa de Emprego con Apoio no ano 2002.

Por outra banda, a porcentaxe de persoas usuarias da bolsa de emprego de Down Galicia que tiveron acceso a un posto de traballo neste período tamén aumentou en relación ao ano anterior ata alcanzar o 77,4%. Esta alta porcentaxe ten aínda máis mérito se temos en conta o elevado número de participantes no programa, que nesta ocasión ascendeu ata as 257 persoas usuarias, chegando así ao máximo histórico, e deixando constancia da importancia que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais lle outorgan a ter un emprego.

En canto á distribución por localidades, obsérvase que foron 71 persoas as que traballaron en 2022 na zona de Vigo, 37 na Coruña, 23 en Pontevedra, 22 en Ourense, 18 en Lugo, 18 na área de Compostela e 10 na zona de Ferrolterra.

Estas 199 persoas contaron cun total de 219 contratos de traballo, mediante os que os traballadores e traballadoras puideron adquirir experiencia en postos tan variados como atención ao cliente, masaxista, axudante de farmacia, persoal de cociña, auxiliar administrativo, peón forestal, peón agrícola, peón electricista, telefonista, ordenanza, limpeza de praias ou persoal de cafetería, entre moitos outros.

Despuntan neste período o número de contratacións indefinidas e o de prórrogas dos contratos, que supoñen máis do 60% das contratacións totais no primeiro caso e chegan a 24 no segundo, mellorando as cifras do ano anterior. Estes datos poñen claramente de manifesto a eficacia das persoas traballadoras nos seus postos, demostrando que teñen capacidades máis que suficientes para superar o reto que lles propón a sociedade en canto ao traballo inclusivo.

Destaca tamén o número de prácticas formativas realizadas polos usuarios e usuarias das entidades Down en Galicia (29), coas que reforzan a súa motivación cara o emprego e melloran as súas habilidades socio-laborais. Sumando contratos e prácticas, o 81% das persoas usuarias do programa de emprego de Down Galicia contaron con unha oportunidade no eido laboral o pasado ano.

Non obstante, o principal escollo para o colectivo de persoas con discapacidade intelectual segue a ser a curta duración das súas xornadas de traballo, non chegando na gran maioría das ocasións á xornada completa.

Sen embargo, aínda que desde hai uns anos podemos observar como se acadan bos datos na inserción do colectivo, o acceso a un posto de traballo de forma normalizada segue a ser un dos grandes retos das entidades que traballan a prol da inclusión laboral na empresa ordinaria.

Acceso ao Emprego Público

O 2022 tamén foi un bo ano no relativo ao acceso ao emprego público, pois unha persoa vencellada a entidades Down acadou un posto na administración pública no único proceso que se pechou a nivel autonómico.


Trátase de Estefanía Lorenzo, unha moza de 29 anos membro de Down Ourense, que a finais do pasado ano, tras superar un concurso-oposición, conseguiu unha praza fixa como persoal de servizos xerais do Servizo Galego de Saúde.

Actualmente, no conxunto das entidades Down atópanse traballando na administración pública 7 persoas e está prevista a incorporación de 3 persoas máis durante este ano 2023.

Con todo, é importante destacar que un dos principais retos aos que se enfrontan as persoas con discapacidade intelectual hoxe en día está relacionado co acceso ao emprego público, onde, a pesar do aumento no número de convocatorias específicas para o colectivo, estas continúan sendo aínda insuficientes.

Por outra banda, debemos ser conscientes de que o abano de persoas con discapacidade intelectual é moi amplo. Por tanto, esta realidade ten que ser tida en conta á hora de realizar estas convocatorias, que deberían introducir medidas de discriminación positivas nos requisitos das mesmas. Deste xeito, garantiríase a igualdade de oportunidades de todas as persoas con discapacidade intelectual no acceso ás prazas reservadas.

Así mesmo, tamén é necesaria unha flexibilización nos resto de criterios de acceso a estas prazas, pois, a pesar de que as persoas coa síndrome de Down son perfectamente capaces de realizar as tarefas encomendadas no posto de traballo e de superar os procesos selectivos, non poden acceder aos mesmos porque priman máis os requisitos mínimos, como pode ser unha titulación en Educación Secundaria Obrigatoria, que a traxectoria educativa da persoa.



Membro de Xuntos traballando nun supermercado

Balance dos 20 anos do programa Emprego Con Apoio nas entidades Down de Galicia

Foi no ano 2002 cando as entidades Down en Galicia comezaron a desenvolver o programa Emprego con Apoio, deseñado para atender especificamente as necesidades e barreiras que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais atopan á hora de intentar acceder ao mercado laboral ordinario.

Durante estas dúas décadas, as entidades que conforman o Movemento Down en Galicia visitaron e contactaron con 5.293 empresas e as súas persoas usuarias asinaron un total de 2.580 contratos e participaron en 1.061 prácticas formativas.

Avalada polos seus bos resultados, esta metodoloxía estase a consolidar como unha estupenda fórmula de inserción laboral para aqueles colectivos con máis dificultades á hora de atopar un traballo e supón unha alternativa idónea ás fórmulas de emprego protexido, baseadas nunha filosofía claramente asistencial e concibidas cun carácter instrumental e non como perpetradora do cambio nin como solución final ao problema.

Este modelo baséase nun sistema estruturado de apoios e acompañamentos para guiar ás persoas demandantes de emprego a través de todo o proceso de inserción socio-laboral e asegurar a súa correcta incorporación ao posto de traballo. Deste xeito, as persoas que se incorporan a un novo emprego contan co apoio dun preparador ou preparadora laboral que se encarga de levar a cabo unha formación específica no propio posto de traballo, para que a persoa empregada poida ir adquirindo progresivamente unha adecuada execución das tarefas. O apoio tamén se centra na potenciación da interacción social cos compañeiros e compañeiras de traballo e na mediación na relación con eles para que se desenvolva de maneira positiva e natural.

Trátase, en definitiva, de prestar ás persoas con discapacidade intelectual os medios, os recursos e os apoios necesarios que faciliten a súa participación no mercado laboral da súa comunidade da mesma maneira que o resto de cidadáns e cidadás.

A importancia da inclusión laboral

Nun mundo cada vez máis diverso, o emprego inclusivo converteuse nunha necesidade para as empresas que buscan non só fomentar a diversidade, senón tamén ofrecer oportunidades en igualdade de condicións a tódalas persoas, independentemente das súas características persoais.

O emprego inclusivo non só contribúe a mellorar a calidade de vida das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, senón que tamén ten un impacto positivo nas empresas que as contratan. A diversidade no lugar de traballo aumenta a creatividade, a innovación e a produtividade das empresas, o que se traduce nunha mellora nos resultados empresariais e na motivación dos empregados e empregadas.



VÍDEO-BALANCE DOS 20 ANOS DE EMPREGO CON APOIO



Momento da xincana cun dos grupos do encontro

Mozos e mozas de Down Lugo e Down Ourense comparten unha xornada de ocio na capital lucense

O 9 de xuño, 29 mozos e mozas de Down Lugo e Down Ourense pasaron un día inesquecible na cidade da muralla dentro do Programa de Encontros Bilaterais que está a levar a cabo o Movemento Down en Galicia neste ano 2023.

A xornada comezou a media mañá, cando as 10 persoas visitantes de Ourense chegaron á sede de Down Lugo, onde as persoas usuarias lles ensinaron as instalacións. A continuación, realizaron algunhas dinámicas para comezar a coñecerse.

Logo, divididos en dous grupos, participaron nunha xincana polo centro da cidade lucense co obxectivo de coñecer os puntos máis relevantes da zona interior da muralla: a Porta da estación, a Praza de Santo Domingo, a Praza da Soidade, a Praza Maior, a Praza de Santa María e a Catedral. En cada punto da proba, os mozos e mozas tiveron que superar un pequeno reto e facerse unha foto de grupo.

Tras comer todas e todos xuntos, e aproveitando que a chuvia deu unha tregua, continuaron cos retos que quedaron pendentes da mañá ata que aos compañeiros e compañeiras de Down Ourense lles chegou o momento de marchar, despedíndose con ganas de que chegue a seguinte xuntanza.

Este encontro foi posible grazas á subvención de Política Social destinada a programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF.



Foto de familia con todas as persoas participantes do encontro bilateral

Aberto o prazo de inscrición do Encontro de Familias de Down España que terá lugar na Coruña

A próxima ponte do 12 de outubro, A Coruña acollerá a máis de 450 persoas na cita anual máis importante para o colectivo de persoas coa síndrome de Down e as súas familias, e desde este luns (ata esgotar as prazas dispoñibles) é posible realizar a inscrición. Como en edicións anteriores, este XXIII Encontro de Familias estará repleto de actividades, talleres e conferencias do máis interesantes.

Para inscribirse a este evento organizado por Down España e a asociación anfitrioa Down Coruña, é necesario acceder a esta ligazón e cubrir os datos solicitados.

Como todos os anos, no Encontro haberá distintas opcións culturais simultáneas para que cada persoa poida escoller a que máis lle encaixe en función dos seus gustos e intereses. No proceso de inscrición é posible seleccionar ditas actividades. O primeiro día débese seleccionar unha única opción das 3 dispoñibles (dúas para familias e unha para mozos e mozas) e para o segundo día, hai unha opción para familias a primeira hora (visita ao concello) con aforo limitado e logo catro opcións á mesma hora entre as que hai que elixir unha.

Como cada ano, a organización espera con moita ilusión atoparvos neste encontro que supón unha oportunidade única de formación, apoio, entretemento e de visibilización das persoas coa síndrome de Down.

Nesta ocasión, a cidade da Coruña abrirá as súas portas a este Encontro no que a historia, a cultura e a gastronomía terán un papel moi importante. O Palacio de Exposicións e Congresos da Coruña (Palexco), a beiras do mar e moi próximo ao centro histórico da cidade, será o epicentro deste multitudinario evento, que conta cun programa repleto de actividades e charlas.



Cartel do Encontro de Familias de Down España



Membro de Down Ourense aprendendo a facer a compra

Vídeo-balance e memoria de actividades de Down Galicia no 2022

Consulta a memoria de actividades de Down Galicia do ano 2022 en formato vídeo ou documento de texto, así como as contas anuais. Coa súa publicación, a Federación quere dar transparencia a todo o seu exercicio e actividades desenvoltas.



Memoria de actividades 2022

Ingresos e gastos 2022

As entidades sociais galegas piden o apoio das persoas contribuíntes na Declaración da Renda cun gran X na Praza da Quintana

Ao longo da campaña para a presentación da Declaración da Renda, as ONG galegas do sector social representadas por EAPN Galicia (Rede Galega de Loita contra a Pobreza), a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG) e CERMI Galicia (Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade) pediron a colaboración da cidadanía para que marque o recadro 106 de "Actividades de Interese Xeral consideradas de Interese Social", coñecido como X Solidaria.

As ONG prestan servizos esenciais na loita contra a exclusión social e a pobreza, traballan en primeira liña contra os efectos provocados tras tres anos de pandemia, a crise enerxética, a inflación e a guerra de Ucraína. O financiamento económico que chega a través do 0,7% do IRPF é necesario e fundamental para que moitas ONG poidan seguir prestando servizos e desenvolvendo programas dos que resultan beneficiarias milleiros de persoas.

Xa foron moitas as persoas que na campaña anterior colaboraron marcando o X Solidario en Galicia: 750.867 persoas, o que supón o 54,5% do total das contribuíntes. Comparado co ano anterior, foron 6.785 persoas máis as que marcaron o recadro de Actividades de Interese Xeral consideradas de Interese Social, o recadro 106.

Con este xesto recadáronse 21.391.293€, unha cantidade de 28,49€ por persoa, permitindo recadar a cantidade de 1.755.980€ máis que na campaña anterior. Todos estes fondos recibidos, recaeron en 140 organizacións galegas de acción social que puideron levar a cabo máis de 607 proxectos que beneficiaron de xeito directo a 182.904 persoas maiores, con discapacidade, enfermas de cancro, mulleres vítimas de violencia machista, xente moza, infancia…

A través do X Solidario desenvolvéronse programas de teleasistencia, apoio ás persoas con discapacidade e familias, educación para a saúde, centros de atención integral para as mulleres diagnosticadas de cancro de mama, residencias, atención a persoas xordas na súa contorna sociofamiliar, atención a mulleres en dificultade social, centros de día, atención a persoas sen fogar, erradicación de violencia de xénero, atención á poboación rural desfavorecida e programas de voluntariado, transporte en vehículos adaptados, entre outros moitos.

O Terceiro Sector galego presentou en abril na Praza da Quintana a campaña do X Solidario cun X grande de tea sostido por persoas representantes de diferentes entidades sociais.

Marcando o X Solidario, o recadro 106 de Fins Sociais, nin se paga máis nin se reciben menos cartos no caso de devolución e contribuímos á realización de programas e proxectos para as persoas en risco de exclusión que máis o precisan.



As entidades sociais galegas despregan un X xigante na Praza da Quintana de Santiago

CERMI Galicia esixe garantir a efectividade da participación política das persoas con discapacidade

O Comité de Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia) esixiu no Día Nacional da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, 3 de maio, garantir a efectividade da participación política das persoas con discapacidade e en igualdade de condicións, tal e como establece o artigo 23 da Constitución Española e para a que é necesaria a accesibilidade.

Trátase de que as persoas con discapacidade non sexan discriminadas en ningunha etapa do proceso electoral ou na vida política en xeral, e que reciban o mesmo trato e consideración que calquera outra persoa" menciona o documento.

Por iso, aproveitando a conxuntura electoral que vive o noso país e o semestre de presidencia española na Unión Europea, no manifesto lémbrase que as persoas con discapacidade seguen atopando barreiras para a súa participación política en igualdade de condicións.

Desde o movemento social da discapacidade sinalaron que é un momento propicio para impulsar o recoñecemento ao dereito de sufraxio activo e pasivo de todas as persoas con discapacidade, lembrando que en moitos países da Unión Europea non se cumpre o mandato da Convención.

"Trátase de que as persoas con discapacidade non sexan discriminadas en ningunha etapa do proceso electoral ou na vida política en xeral, e que reciban o mesmo trato e consideración que calquera outra persoa". Ademais, no manifesto especifícase que "as persoas con discapacidade seguen invisibilizadas en termos de participación política".

Pola súa banda, no manifesto esíxese que a accesibilidade universal da información e a comunicación de programas electorais sexa tan importante como a accesibilidade dos espazos, colexios electorais, procedementos e materiais para garantir que este dereito sexa efectivo e universal para a cidadanía.

Doutra banda, afírmase no seu manifesto que "as mulleres con discapacidade seguen enfrontándose a maiores barreiras no camiño cara á participación política activa, como consecuencia dos efectos nocivos da intersección entre diferentes factores de exclusión", xa que, colócaas nunha posición de maior vulnerabilidade e exclusión na participación política activa e que se enfronten a maiores barreiras no camiño cara a esa participación política activa.

Finalmente, as entidades esixiron que "se reitere a súa demanda ás formacións políticas para garantir a accesibilidade universal aos programas e campañas electorais", e pediron que "as medidas sexan específicas e adaptadas ás necesidades e perspectivas das persoas con discapacidade, e cun compromiso firme para garantir a igualdade de oportunidades para todas as persoas".



Cris Abalo, de Down Compostela, foi a encargada de ler parte do manifesto

Bo traballo do equipo de Down Ourense na Liga Española de Debate Universitario

Orgullosos polo traballo ben feito. Así se senten os mozos con discapacidade intelectual de Down Ourense que competiron os 17 e 18 de xuño na Liga Española de Debate Universitario (LEDU) en Madrid. Aínda que non gañaron, o público aplaudiu a súa argumentación, creatividade e comunicación non verbal.

Tras a exitosa experiencia de 2022, na que varias persoas con discapacidade intelectual membros de Down Madrid participaron neste espazo de debate, este ano organizouse a primeira edición de "Eu teño opinión", na que competiron, ademais de Down Ourense, outros cinco equipos de toda España formados por persoas con esta discapacidade: Down Madrid 1, Down Madrid 2, Down Zaragoza, Down Granada e Down Valladolid.

O tema que se debateu nesta ocasión centrouse en se é preferible mercar en comercios locais en lugar de en grandes plataformas en liña, unha cuestión de total actualidade e na que atopamos moita diversidade de opinións.

A competición desenvolveuse en dos fases: unha de liguiña e a gran final. Na primeira delas, os seis equipos divídense en dous grupos. Tres deles a favor do tema proposto e os outros tres coa postura contraria. De cada grupo clasifícase o mellor equipo, que pasa á gran final.

"Eu teño opinión" vai dirixido a mozos e mozas con discapacidade intelectual e o seu obxectivo é visibilizar o seu talento para que poidan incluílo nos seus currículos para mellorar a súa inclusión no mercado laboral ordinario.

Que é a LEDU?

A liga Española de Debate Universitario é unha competición creada no ano 2000, que cada ano aglutina aos mellores oradores e oradoras do noso país.

2022 foi o primeiro ano en que persoas con discapacidade intelectual participaron neste evento, abrindo así unha porta máis á participación e a inclusión do colectivo.



O equipo de Down Ourense

Cafés Candelas contrata de xeito indefinido a un mozo de Lugo con discapacidade intelectual

A primavera finalizou con moi boas novas no Movemento Down de Galicia, xa que a empresa Cafés Candelas acaba de contratar de xeito indefinido a una persoa usuaria da asociación Down Lugo.

Así, desde mediados de maio, o departamento de loxística da empresa lucense conta cun novo mozo de almacén, que se está a encargar de distintas tarefas como a preparación de pedidos, a carga e descarga das mercancías ou o mantemento da orde nas instalacións.



Traballador no almacén da empresa

Este contrato non foi froito da casualidade, xa que se asinou tras dous meses de prácticas baixo a metodoloxía de Emprego con Apoio, nos que un preparador laboral de Down Lugo acompañou á persoa usuaria para perfeccionar o desempeño das súas tarefas e funcións e onde o novo traballador demostrou ser brillante na execución das mesmas. Ademais, contouse coa colaboración e a acollida dos compañeiros e compañeiras de almacén, que puxeron todo da súa parte para que a incorporación chegase a bo porto.

Pero o traballo e o esforzo veñen de máis atrás aínda, xa que a formación e a experiencia foron claves para que este mozo conseguise o tan ansiado contrato indefinido. Nove anos con contratos temporais nunha cadea de supermercados e formación no manexo de carretillas elevadoras, así como un desempeño perfecto das súas tarefas, foron claves.

Tralo período de prácticas, a directora de recursos humanos e o xefe de loxística da empresa preguntáronlle ao mozo pola súa experiencia e este díxolles que se sentira moi realizado, que era o seu tipo de traballo e que o equipo profesional era estupendo. Desde Cafés Candelas amosaron o seu interese en contratalo e tras unha semana valorando a posibilidade, a oportunidade chegou.

Desde a Federación Down Galicia queremos agradecer a Cafés Candelas a súa confianza no noso programa de Emprego con Apoio e a súa aposta decidida pola inclusión laboral, e tamén destacar a colaboración e o trato excepcional das persoas de recursos humanos e do departamento de loxística da empresa.

O grupo de teatro de Down Compostela estrea a comedia 'A pantalla máxica' no Teatro Principal da capital

O Grupo de Teatro Down Compostela estreou a obra "A pantalla máxica" o venres 16 de xuño no Teatro Principal da capital. A función supuxo o reencontro da compañía co público, despois dun parón de tres anos pola pandemia. Once mozos e mozas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual interpretaron un espectáculo baseado no clásico "El retablo de las maravillas", de Miguel de Cervantes, adaptado polo director da obra, Lucas Herrador.

"A pantalla máxica" é unha obra humorística na que se fala das aparencias e de como estas condicionan a vida das persoas. O elenco de rapaces e rapazas pertencentes ao grupo de teatro de Down Compostela que aparecen sobre as táboas fórmano Irene Rodríguez, Kevin Suárez, Carmen Romero, Daniel López, David Aldrey, Raquel Suárez, Marina Menéndez, Dani Martínez, Yasmín Malás, Patricia Puente e Alba Muíños, arroupados por un equipo técnico dirixido por Lucas Herrador. O cartel da obra é un deseño do artista compostelán Rafael Romero Masiá.

A función é especialmente emotiva debido a que o Grupo leva máis de tres anos sen presentar o seu traballo nun escenario por mor da pandemia. Nestes últimos meses, o listado de compoñentes mudou con novas incorporacións, aínda que se mantén o seu espírito fundacional: contar cousas, rir e reivindicar.

Nunha longa traxectoria que supera xa os dez anos, o Grupo de Teatro Down Compostela conseguiu galardóns como o Premio do Público na Mostra de Teatro de Rianxo de 2017.

"A pantalla máxica" é a súa duodécima produción, despois de estrear as seguintes obras:

- "Todos os camiños levan a Santiago" (Salón Teatro, 2019)

- "La mansión de José Cruz" (2018)

- "Arturo, Arthur, Artur" (Salón Teatro, 2017)

- "Búscame a este tipo" (Salón Teatro, 2016)

- "Solo ante la Peligros" (Salón Teatro, 2015)

- "Las pruebas de Hércules" (Salón Teatro e Casa de Cultura de Milladoiro, 2014)

- "Bodas de sangre" (Salón Teatro e Casa de Cultura de Milladoiro, 2013)

- "Fuenteovejuna" (Salón Teatro, 2012)

- "Romeo y Julieta" (Sala Nasa, 2011)

- "Esopo y sus fábulas" (Sala Nasa, 2010)

- "Alicia en el país de las maravillas" (Auditorio de Galicia, 2009)



O grupo de teatro de Down Compostela ao finalizar a estrea

Down Vigo e Vithas colaboran para fomentar a inserción laboral de persoas con discapacidade intelectual

O Hospital Vithas Vigo e a Asociación Down Vigo subscribiron un acordo que permite que persoas que asisten ao servizo de Emprego con Apoio da entidade poidan realizar prácticas laborais no mencionado hospital.

Para o director xerente de Vithas Vigo, o Dr. Ciro Cabezas, este é "o inicio dunha viaxe que imos establecer xuntos"; mentres que o presidente de Down Vigo, José Manuel García Orois, avoga por promover a autonomía persoal das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e "aproveitar as capacidades da xente", xa que "hai moitas persoas na nosa asociación que son perfectamente capaces de desenvolver moitos traballos".



Membros de Down Vigo nos seus postos durante as prácticas

Así, durante os meses de xuño e xullo deste ano, dúas persoas usuarias de Down Vigo realizan prácticas formativas en tarefas administrativas do Hospital Vithas Vigo coa intención de afondar na "aprendizaxe necesaria para alcanzar un nivel óptimo de formación, así como facilitar a adquisición das habilidades sociolaborais necesarias".

O texto do acordo garante que as actividades que realicen estes traballadores "desenvolveranse sempre dentro do marco do servizo de Emprego con Apoio, tendo en conta a súa filosofía de inclusión, non discriminación e igualdade de oportunidades das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais".

Tras a firma do acordo, o director xerente do Hospital Vithas Vigo, o Dr. Ciro Cabezas Checchi, agradeceu a colaboración de Down Vigo. Este acordo forma parte do "compromiso coa responsabilidade social que se reflicte na estratexia corporativa de sustentabilidade empresarial" e traballan "para levar ese compromiso aos colectivos máis vulnerables". Nesta liña, o xerente de Vithas Vigo asegurou que a inclusión laboral implica, tamén, unha inclusión social.

Pola súa banda, o presidente de Down Vigo, José Manuel García Orois, asegurou que este acordo é "importante" para a asociación, cuxo servizo de Emprego con Apoio acaba de cumprir 20 anos. Actualmente, hai máis de 80 persoas rexistradas neste servizo das que máis de 70 están empregadas. "Cada vez atopamos mellor acollida por parte das empresas e conseguimos insercións moi exitosas, tentando aproveitar as capacidades que cada persoa ten", asegurou.

Séguenos

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Instagram.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

Subscríbete

Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

Consulta a nosa política de privacidade



Momento da festa do Encontro de Familias de Down Coruña este xuño